



O 15 de outubro do 1948 tiña lugar a recepción de Victoriano Taibo como Académico Numerario da Real Academia Galega. Daquela, con 63 anos, muller, dous fillos e 30 anos como mestre presentábase ante os académicos para ler o seu discurso *Rosalía de Castro precursora da fala*. En fronte, Otero Pedrayo, caderno en man, tomaba nota para responder en nome da academia. A seu carón, Manuel Casás Fernández, presidente da RAG custodiaba as insignias que tras os discursos impoñería a Taibo para formalizar o seu ingreso

Din que era un home de fondas conviccións relixiosas e fumador empedernido. Que dende a súa chegada a Morgadáns na primavera de 1930 non só sementou números e letras nas escolas da parroquia, tamén fixo de arqueólogo, labrego, artesán de papaventos e habitual participante en faladoiros improvisados cos veciños. Da súa estancia no Val Miñor tomou nota dalgúns vocábulos que quixo recuperar para o acervo lingüístico da RAG: *cantiga, canviche, socalco*

,
apolante, areira

,
deguro

e
escaronda

; as catro últimos propios de Morgadáns. Palabras que utilizou no seu discurso de presentación, incluíndoos nun glosario xunto a outros termos locais recollidos en distintos puntos de Galicia

A 63 anos do nomeamento de Victoriano Taibo como Académico Numerario da RAG.

Escrito por IEM

Luns, 17 Outubro 2011 21:15

O tamén académico Francisco Fernández Rei, rescatara as publicación xornalísticas da época que deron conta do novo membro numerario da RAG, no monográfico que sobre Victoriano publicara o Instituto de Estudos Miñoranos en 2008. Nel, lembra que con data 16 de outubro de 1948, La Voz de Galicia baixo o titular "*Recepción de un nuevo académico*", informaba que o día anterior, ás oito da noite, no salón de sesións do Palacio municipal da Coruña se fixera o solemne acto de ingreso na Academia do "

inspirado poeta regional Victoriano Taibo García, también, destacado pedagogo

".

Sinalábase que o discurso se lera en galego e que se trataba dunha "*exquisita pieza, literaria, que mereció el beneplácito de todos los asistentes*

", peza na que o poeta glosou a figura extraordinaria de Rosalía de Castro. A seguir indicábase que o polígrafo Ramón Otero Pedrayo "

recogió lo más saliente de su discurso, para glosarlo con su magnífica oratoria

". Finalmente o presidente da Academia Manuel Casás Fernández impúxolle a Taibo as insignias.